

## Pon en valor o teu compromiso co emprego

Desde o Concello de Mos queremos axudar ás entidades en dar visibilidade ao seu compromiso con emprego. As entidades colaboradoras nos *Programas Integrados de Emprego de Galicia* desenvolvidos polo Concello de Mos, reciben un **selo que acredita o seu esforzo polo desenvolvemento da nosa comarca** e pon en valor o tempo e recursos que dedican a favorecer a integración no mercado de traballo a través do emprego de calidade.

O selo pode incorporar ás comunicación (web, folletos, etc) das entidades.



O dereito de uso do selo por parte da entidade estará condicionado á aceptación da *Política de uso do selo social dos Programas Integrados de Emprego de Galicia* desenvolvidos polo Concello de Mos, que atoparás nesta ligazón. ([incorporar o ligazón](#))

## Beneficios do selo para a túa entidade

O selo poderá ser exhibido na publicidade da organización, nos seus produtos, nos seus locais e nos documentos que xere na súa actividade.

É un mecanismo de recoñecemento de calidade social.

Amosa o comportamento exemplar da entidade co emprego do concello.

O selo pon en valor a súa colaboración no proceso e, polo tanto, a súa contribución voluntaria á mellora social desde o fomento da formación, a empregabilidade e a contratación.

Comunica un comportamento de entidade socialmente responsable ante provedores e clientes que manteñan criterios de responsabilidade social na súa cadea de valor.

## Como obter o selo?

Para iso, debes sumarche aos Programas Integrados de Emprego de Galicia que desenvolve o Concello de Mos, no seguinte contacto:

986.487.786

piemosempresa@concellomos.es

## Que entidades colaboran nos *Programas Integrados de Emprego de Galicia* que desenvolve o Concello de Mos?

As entidades colaboradoras forman parte dunha listaxe oficial de colaboradores dispoñible nesta ligazón: ([incorporar o ligazón](#)).

### As distintas categorías de selos

A entidade que formalice compromisos ao amparo dos *Programas Integrados de Emprego de Galicia* desenvolvidos polo Concello de Mos, terá acceso ás diferentes categorías do selo de entidade colaboradora.

As categorías ás que se pode acceder son:

- Selo "Entidade Titora": Selo para entidades que facilitan a realización de prácticas.



- Selo "Entidade Contratante": Selo para entidades que realizan contratación de beneficiarios.



- Selo "Entidade Empregadora": Selo para entidades que comprometéense a manter a contratación no longo prazo ou en cuxas contratacións exista vocación de ser indefinidas.

